

O Colexio de Psicoloxía de Galicia iniciou máis de 30 actuacións por intrusismo en 2017

|| www.21noticias.com/2018/01/o-colexio-de-psicoloxia-de-galicia-iniciou-mais-de-30-actuacions-por-intrusismo-en-2017/

21 Noticias

09/01/2018

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia iniciou un total de 31 expedientes por posible intrusismo profesional en 2017, a través da súa Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo.

As actuacións abertas recollen diversas casuísticas, entre elas as de exercer funcións propias da psicoloxía sen contar coa titulación, por publicidade enganosa, por estar a exercer sen a colexiación obrigatoria ou por anunciarse como especialista en psicoloxía clínica sen contar con esta especialidade.



O Colexio ten a función de velar por que á cidadanía se lles ofrezan servizos de psicoloxía que garantan e cumpran coa calidade e as obrigas legais establecidas, xa que no seu exercicio como profesionais, está en cuestión o benestar, a saúde, a calidade de vida, a plenitude do desenvolvemento das persoas e dos grupos, nos distintos ámbitos da vida individual e social. Así pois, a colexiación é unha garantía pública de que o psicólogo ou psicóloga cumpre tanto coa titulación e cos requisitos legais para exercer, sexa cal sexa a especialidade ou área de traballo.

A crise económica fixo abrollar falsos profesionais que aproveitan a vulnerabilidade das persoas ao que se suma unha moi deficiente atención psicolóxica nos servizos públicos (sanitarios, educativos, servizos sociais, emprego), o que supón un verdadeiro risco para a saúde e o benestar das persoas. Non é só un calote, unha estafa; é que as consecuencias poden ser nefastas para a persoa usuaria, á vez que prexudica gravemente a imaxe social da psicoloxía, que si é unha disciplina científica, que emprega métodos contrastados e está suxeita a un código deontolóxico.

También te puede interesar...

-

180.000 euros para o fomento do asociacionismo e á participación das mulleres da Comunidade Galega

08/01/2018 [180.000 euros para o fomento do asociacionismo e á participación das mulleres da Comunidade Galega](#)

-

A loita contra a pobreza, o dereito ao traballo e a garantía dunha sanidade e un ensino públicos centran as 376 emendas parciais de En Marea aos Orzamentos da Xunta para 2018 (Vídeo)

19/12/2017 [A loita contra a pobreza, o dereito ao traballo e a garantía dunha sanidade e un ensino públicos centran as 376 emendas parciais de En Marea aos Orzamentos da Xunta para 2018 \(Vídeo\)](#)